



MÉRCORES 27 MARZO

## THE ISLAND

DE ATHOL FUGARD  
DEUX TEMPS TROIS MOUVEMENTS (BURKINA FASO)  
**PROGRAMACIÓN ESPECIAL**  
**DÍA MUNDIAL DO TEATRO 2019**  
ESPECTÁCULO EN FRANCÉS CON SUBTÍTULOS EN ESPAÑOL

Esta obra recrea una historia real sobre a experiencia do autor Athol Fugard e a súa compañía de teatro sudafricana "Serpent Players", creada en 1973 por artistas negros. Durante os ensaios de *Antígona* foron detidos e encarcerados no penal de Robben Island na época do apartheid. *The Island* conta esta historia a través de dous prisioneiros condenados a traballos forzados que comparten cela. Pasan os seus días realizando duros traballos na canteira e as noites ensaiando *Antígona* de Sófocles para representala fronte aos demais presos. A obra traza paralelismos entre a historia de *Antígona* e a dos presos políticos negros, nunha posta en escena de grande calidade interpretativa onde o drama e o humor serven de ferramenta para contar una historia de resistencia a través da arte. A Compañía Deux Temps

Trois Mouvements, procedente de Burkina Faso, conta coa dirección artística de Hassane Kassi Kouyaté e *The Island*, o seu espectáculo máis representado, coa súa dirección e interpretación. Trátase de un pioneiro do teatro africano que ten compartido experiencias creativas ao longo do seu percorrido creativo con artista da talla de Peter Brook.

*The Island* é una fermosa peza teatral divertida e conmovedora. Esta representación enmárcase dentro do proxecto **HARMATÁN** (Festival Nómada de Cultura Africana), un festival que recala na Coruña cunha mostra do seu teatro, danza, cinema e pensamento, unha das tres cidades do estado no que se poderá disfrutar deste festival xunto con Murcia e Mostoles. A idea orixinal deste festival itinerante é da produtora canaria Unahoramenos e a idea nace ao abeiro da celebración do encontro cultura MAPAS 2017.

REPARTO: HASSANE KASSI KOUYATÉ E HABIB DEMBELÉLÉ.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO: DIRECCIÓN: HASSANE KASSI KOUYATÉ.

DURACIÓN ESTIMADA: 75 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS: TARIFA B.



VENRES 29 E SÁBADO 30 MARZO

## CLAUDIA

DE CLAUDIA VICTORIA POBLETE HŁACZIK,  
CARLES F. GIJA E EUGENIO SZWARCER  
LA CONQUESTA DEL POL SUD

Claudia Vitoria Poblete Hłaczik vive en Buenos Aires, traballa como enxeñeira de sistemas e é afeccionada á ciencia ficción. Claudia vive, aparentemente, unha vida "normal". Pero, baixo esta aparencia, escóndese un percorrido moi pouco común. Esta muller nova, foi educada nos valores da contorna militar e, con 21 anos, descubriu que era filla de desaparecidos e que vivira unha vida inventada cunha familia que, en realidade, non era a súa.

O seu caso marcou un punto de inflexión en Arxentina, xa que supuxo o principio do fin da impunidade dos mandos militares. A experiencia vital de Claudia -comunicada por ela mesma- é a materia prima deste novo documental escénico que presenta A Conquista do Pol Sud. Interésalles explorar as relacións entre o individual e o colectivo. Como se interrelacionan as vidas singulares e a historia? De que maneira a experiencia dalgunhs ten que ver con todos nós? Que sentido teñen, no mundo actual, palabras como revolución, memoria e educación?

REPARTO: CLAUDIA VICTORIA POBLETE HŁACZIK, CARLES F. GIJA E EUGENIO SZWARCER.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO: DIRECCIÓN: CARLES FERNÁNDEZ GIJA / DISEÑO DE VÍDEO: EUGENIO SZWARCER / DISEÑO DE ILUMINACIÓN: LUIS MARTÍ / DISEÑO DE SONIDO: DAMIEN BAZIN.

DURACIÓN ESTIMADA: 85 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS: TARIFA B.



VENRES 05 E SÁBADO 06 ABRIL

## EL CASTIGO SIN VENGANZA

DE LOPE DE VEGA  
COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO

Quando Lope quiere... *El castigo sin venganza* de Lope de Vega, unha das obras mestras da literatura dramática universal que nos mostra novas facetas en cada relectura, en cada posta en escena, como un diamante que reflicte nas súas arestas un retrato íntimo da sociedade de todas

as épocas, cos seus medos, pulsións, contradicións e pantasma.

Esta crepuscular traxedia de honra oculta unha profunda reflexión sobre o poder, a xustiza, a responsabilidade, o amor e o desexo, ambientada no contexto político das cidades-estado enfrontadas na convulsa Italia de finais do quattrociento.

Atrapados na tea de araña dun palacio de susurros, espellos e segredos, os personaxes enfróntanse á súa conciencia cunha intensidade descoñecida; a beleza dos versos aliase coa aspereza brutal dos conflitos e cun delicado ritmo case cinematográfico en que as escenas se entrelazan e xuxtapoñen. De fondo, a fama como eixo dunhas vidas abocadas á mentira vai gobernando unha trama que desemboca nun desenlace sanguento sen físgoa de esperanza.

No prólogo á edición de 1634, o propio Lope cualificaba a súa obra de traxedia escrita ao estilo español, dando fe da singularidade dun texto dramático que, décadas despois, un editor portugués titularía "Cando Lope quiere, quiere"; todo un indicio do asombro e admiración que provocou ao longo dos séculos para lectores e espectadores.

Desoladora, fermosa, máxstral, ofrécenos un espello trágico da condición humana. Obra mestra da senectude do Fénix, reflexo do seu desencanto pola sociedade e a dor das súas circunstancias persoais e familiares pero, á vez, audaz superación dunha arte destilada e precisa ante a irrupción dos poetas e dramaturgos novos que se van apropiando da primacía escénica, este canto de cisne lopesco mantén hoxe a implacable vixencia da arte da traxedia: unha lúcida viaxe ás sombras de nós mesmos. **HELENA PIMENTA.**

REPARTO: (POR ORDEN DE INTERVENCIÓN)

RICARDO: ALEJANDRO PAU  
FEBO: FERNANDO TRUJILLO  
DUQUE DE FERRARA: JOAQUÍN NOTARIO  
CINTIA/ANDREIUNA /LUCRECIA: LOLA BALDRICH  
AURORA: NURIA GALLARDO  
FEDERICO: RAFA CASTEJÓN  
BATÍN: CARLOS CHAMARRO  
CASANDRA: BEATRIZ ARGUELLO  
MARQUÉS DE GONZAGA: JAVIER COLLADO  
CORO: ANNA MARUNY, FERNANDO TRUJILLO, ALEJANDRO PAU, ÍÑIGO ÁLVAREZ DE LARA

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO: DIRECCIÓN: HELENA PIMENTA / ASESOR DE VERSO: VICENTE FUENTES / ASESOR DE CANTO: JUAN PABLO DE JUAN / COREOGRAFÍA: NURIA CASTEJÓN / SELECCIÓN E ADAPTACIÓN MUSICAL: IGNACIO GARCÍA / VESTIARIO: GABRIELA SALAVERRI / ILUMINACIÓN: JUAN GÓMEZ CORNEJO / ESCENOGRAFÍA: MÓNICA TELJEIRO / VERSIÓN: ALVARO TATO.

DURACIÓN ESTIMADA: 100 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS: TARIFA E.



DOMINGO 28 ABRIL

## EL FUNERAL

DE MANUEL M. VELASCO  
PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

ESTA FUNCIÓN SUSTITÚE Á FUNCIÓN QUE ESTABA PREVISTA O 25 DE SETEMBRO DE 2018 E QUE FOI SUSPENDIDA.

A ENTRADA DA FUNCIÓN ANTERIOR É VÁLIDA PARA ESTE PASE.

REPARTO: CONCHA VELASCO, JORDI REBELLÓN, CLARA ALVARADO, CRISTINA ABAD, EMMANUEL MEDINA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS: TARIFA F.



VENRES 03 E SÁBADO 04 MAIO

## LEHMAN TRILOGY

DE STEPHANO MASSINI  
BARCO PIRATA PRODUCCIONES

Lehman Trilogy percorre, a través de 150 anos, a historia do capitalismo moderno reflexionando sobre o poder destrutor do diñeiro e a deshumanización que sufriron as institucións económicas e políticas desbordadas pola tola carreira en busca do fácil beneficio.

Lehman Trilogy conta a historia de 3 heracións da familia Lehman desde o seu ascenso ata a súa caída.

Desde que Henry Lehman, fillo maior dun comerciante xudeu de gando, sae de Baviera en 1844 e chega a EEUU en busca do soño americano e unha vida mellor, ata a caída de Lehman Brothers, uns dos maiores bancos de investimento en 2008, que desencadeou a peor crise financeira no mundo da que aínda sufrimos as súas consecuencias. Mais de 120 personaxes desfilan diante dos nosos ollos da man de 6 músicos actores nun fascinante e divertida viaxe que narra, a través do humor e do relato, as diferentes etapas da construción e deriva do capitalismo moderno, nun ton mordaz e irónico cun aroma á vez pedagóxico e crítico, facendo ao público participe dos vaivéns da economía.

REPARTO: VÍCTOR CLAVIJO, DARIO PASO, LEO RIVERA, PEPE LORENTE, LITUS RUIZ, AITOR BELTRAN.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO: DIRECCIÓN, TRADUCIÓN E ADAPTACIÓN: SERGIO PERIS-MENCHETA / ESCENOGRAFÍA: CURT ALLEN / VESTIARIO: ELDA NORIEGA / MÚSICA: LITUS RUIZ / ILUMINACIÓN: JUAN GOMEZ CORNEJO / SON: JOE ALONSO.

DURACIÓN ESTIMADA: 210 MINUTOS (CON 2 INTERMEDIOS).  
ENTRADAS: TARIFA E.



VENRES 17 E SÁBADO 18 MAIO

## O REI MORRE

DE EUGÈNE IONESCO  
SARABELA TEATRO

Despois dunha noite de esmorga, o fatuo rei Berenguer I, que creou un mundo á súa medida, aparece en escena.

Os sons da festa que oímos ao entrar na sala desaparecen, e o monarca dun reino de pacotilla, que se cría atemporal, recibe a noticia de que vai morrer. Non quere crelo. Pensa que é un pesadelo e dubida de que ese momento estea preto, polo que non deixa de dar ordes coa soberbia daquel que pensa que controla todo. Así aos últimos momentos da súa vida xunto á súa primeira muller, Margarita, e o seu médico, que tentan conseguir que o rei acepte que está no final da súa vida.

Mentres, a súa segunda muller, a raíña María, tenta ocultarlle esta realidade e suavizar a súa agonía.


REPARTO: FERNANDO DACOSTA: O REI BERENGUER I. FINA CALLEJA: MARGARIDA, PRIMEIRA MULLER DO REI. SABELA GAGO: MÉDICO REAL. NATE BORRAJO: MARÍA, SEGUNDA MULLER DO REI. ALFONSO MIGUEZ: ALFONSO, SÚBDITO.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO: DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: ANA VALLÉS / DISEÑO DE ESCENOGRAFÍA: JOSÉ MANUEL FARO "COTI" / DISEÑO DE ILUMINACIÓN: BALTASAR PATIÑO / DISEÑO DE VESTIARIO: RUTH D. PEREIRA / ATREZZO: SARABELA TEATRO / TRADUCIÓN: NATE BORRAJO.

DURACIÓN ESTIMADA: 65 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS: TARIFA B.



REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



VENRES 31 E SÁBADO 01 DE XUÑO

## CINCO HORAS CON MARIO

DE MIGUEL DELIBES (ADAPTACIÓN: MIGUEL DELIBES, JOSEFINA MOLINA E JOSÉ SAMANO)  
SABRE PRODUCCIONES E PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

Estamos en marzo de 1966. Carmen Sotillo acaba de perder ao seu marido Mario de forma inesperada. Unha vez que as visitas e a familia se retiran, ela soa vela durante a última noite o cadáver do seu marido e inicia co el un monólogo-diálogo non que descubrimos as súas personalidades e os conflitos do seu matrimonio. Cunha forma entrecortada, detallista ao mínimo, reiterativa e chea de tópicos, Carmen Sotillo di cousas, manifesta sentimentos e emite xuízos que a moitas persoas hoxe pódennles parecer increíbles. Pero damos fe de que esa linguaxe existía, de que eses xuízos emitíanse, de que esas "cousas" de Carmen estaban na vida de todos os días. Cinco horas con Mario, é, entre outras moitas cousas, un documento vivo deses anos.

REPARTO: CARMEN SOTILLO: LOLA HERRERA.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO: DIRECCIÓN: JOSEFINA MOLINA / MOBILIARIO E ATREZZO: MATEOS / SABRE / VOZ LOCUTOR: JULIO LÓPEZ / PERRUQUERÍA: GEMA MORENO / DISEÑO DE ILUMINACIÓN: MANUEL MALDONADO / ESPAZO SONORO: MARIANO DÍAZ / ESPAZO ESCÉNICO: RAFAEL PALMERO.

DURACIÓN ESTIMADA: 90 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS: TARIFA E.



VENRES 29 E SÁBADO 30 MARZO

## CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2019

TEATRO Rosalía Castro

REPARTO: CARMEN SOTILLO: LOLA HERRERA.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO: DIRECCIÓN: JOSEFINA MOLINA / MOBILIARIO E ATREZZO: MATEOS / SABRE / VOZ LOCUTOR: JULIO LÓPEZ / PERRUQUERÍA: GEMA MORENO / DISEÑO DE ILUMINACIÓN: MANUEL MALDONADO / ESPAZO SONORO: MARIANO DÍAZ / ESPAZO ESCÉNICO: RAFAEL PALMERO.

DURACIÓN ESTIMADA: 90 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS: TARIFA E.





VENRES 18 E SÁBADO 19 XANEIRO

## EL PRECIO

DE ARTHUR MILLER  
BITO

Dous irmaos reencóntranse no faiado da casa familiar despois de 16 anos sen falarse. En breve, a casa debe ser derrocada e, Víctor, un humilde policía a piques de retirarse, e a súa muller Esther convocan ao irmán maior, Walter, cirurxián de éxito, a un encontro co tasador para decidir o prezo dos vellos mobles familiares...

Están no faiado, examinando os obxectos depositados baixo unha capa de po, pero estes vellos trastes non son o único que hai na casa: tamén hai unha chea de recordos, pantasma que farán pensar aos protagonistas en como poderían ser as cousas se, en certo momento, tomasen outras decisións.

REPARTO TRISTÁN ULLOA, GONZALO DE CASTRO, EDUARDO BLANCO, ELISABET GELABERT.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO DIRECCIÓN: SILVIA MUNT  
ESCENOGRAFÍA: ENRIC PLANAS / ILUMINACIÓN: KIKO PLANAS (AAD) / SON: JORDI BONET / VESTIARIO: ANTONIO BELART / PERRUQUERÍA E MAQUILLAXE: IRIS DUEÑAS / AUDIOVISUAIS: RAQUEL CORS E DANIEL LACASA / AXUDANTE DE DIRECCIÓN: GERARD IRAVEDRA.

DURACIÓN ESTIMADA 105 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS TARIFA E.



VENRES 01 E SÁBADO 02 FEBREIRO

## DÚAS DONAS QUE BAILAN

DE JOSEP M<sup>a</sup> BENET I JORNET  
TEATRO DO ATLÁNTICO

Unha muller maior, que soña cunha viaxe a París e con rematar unha colección de tebeos da infancia, resístese a abandonar o piso no que

habita desde nena, malia a presión dos fillos e do dono do inmoble; todos eles teñen outros plans para a vivenda. Neste agasallo teatral, Benet i Jorner fainos compartir os soños e os fracasos das súas complexas personaxes nunha viaxe conmovedora, plena de beleza dramática e iluminada pola inmensa humanidade que dúas mulleres agochan baixo a férrea armadura de ironía e dureza coa que intentan defenderse dos implacábeis embates que teñen que afrontar: desfiuzamentos, Alzheimer, descontro xeracional, e outros pequenos asuntos que lles vai impondo a imparabile dinámica da sociedade capitalista contemporánea. Gran Teatro.



VENRES 08 E SÁBADO 09 FEBREIRO

REPARTO MARÍA BARCALA E MARÍA ÁNGELES IGLESIAS.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: XÚLIO LAGO / TRADUCCIÓN: ALEXANDRE LAGO / ESPAZO ESCÉNICO: ANTONIO F. SIMÓN / VESTIARIO: SUSANA PORTO / DISEÑO DE ILUMINACIÓN: XÚLIO LAGO E ANTONIO F. SIMÓN / DIRECTORA AXUDANTE: ESTHER CARRODEGUAS.

DURACIÓN ESTIMADA 80 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS TARIFA B.



## JANE EYRE: UNA AUTOBIOGRAFÍA

DE CHARLOTTE BRONTË, ADAPTACIÓN DE ANNA MARIA RICART  
PRODUCCIÓN DE TEATRO LLUIRE. PRODUCCIÓN EN XIRA FACTORÍA ESCÉNICA INTERNACIONAL

O máis fantástico desta personaxe e desta novela é o feito que Jane Eyre, desde o seu nacemento e sen ter unhas circunstancias que a leven a ser deste xeito, ten no seu interior o instinto de superación máis impresionante que xamais lese. Xa no internado de pobres, onde a envían para librarse dela porque xa se enfrontaba á inxustiza desde moi pequena, ela percibe a súa incapacidade por deixarse maltratar en ningunha das vertentes nas que os malos tratos puidese disfrazarse. Jane preguntalle á súa amiga Helen por que se deixa castigar deste xeito. Helen respóndelle que ela está aí para recibir unha educación e que isto forma parte da conquista deste gran obxectivo.

REPARTO ARIDANA GIL, ABEL FOLK, GABRIELA FLORES, JORDI COLLET, PEPA LÓPEZ, JOAN NEGRÍE, MAGDA PUIG, ALBA HARO, CLARA PEVA-LAIA.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO DIRECCIÓN: CARME PORTACELI / DISEÑO DE LUCES: IGNAZI COMPRODON / ESCENOGRAFÍA: ANNA ALCUBIERRE / VESTIARIO: ANTONIO BELART / CARACTERIZACIÓN: TONI SANTOS / COREOGRAFÍA: FERRÁN CARVAJAL / AUDIOVISUAIS: EUGENIO SZWARCER / SON: IGOR PINTO / MÚSICA ORIXINAL: CLARA PEVA / AXUDANTE DE DIRECCIÓN: JUDITH PUJOL.

DURACIÓN ESTIMADA 120 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS TARIFA J.



VENRES 15 FEBREIRO

## LOS BANCOS REGALAN SANDWICHES Y CHORIZOS

JOSÉ Y SUS HERMANAS

Alguns dos textos que aparecen nesta peza foron secuestrados. Grazas por non pedir o rescate: Silvia Ferrando. El Conde de Torrefiel, Federico García Lorca, Jean Anouilh e Sèneca.

Cal é o sentimento dos mozos fronte aos rastros do franquismo? Que significa para eles a figura de Franco? Coñécena en profundidade? Como inflúe nas súas vidas a transición española e os silencios?

Unha nova xeración diante do reto de analizar a memoria histórica deste país. Unha nova xeración que fala da nosa historia, dos seus edificios e das estruturas que lles son impostas e de como lles fan sentir. Estructuras políticas, arquitectónicas, históricas, lingüísticas, mentais, emocionais e mesmo filosóficas.

REPARTO FRANCESC CUÉLLAR, ALEJANDRO CURIEL, MARTA DÍEZ, CARME GONZÁLEZ, CAROLINA MANERO, GEMMA POLO, GLORIA RIBERA.  
EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: SILVIA FERRANDO.

DURACIÓN ESTIMADA 75 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS TARIFA B.

PREMI REVELACIÓN  
PREMI CRÍTICA JOVE



SÁBADO 09 E DOMINGO 10 MARZO

## SEÑORA DE ROJO SOBRE FONDO GRIS

DE MIGUEL DELIBES, ADAPTACIÓN DE JOSÉ SÁMAMO, JOSÉ SACRISTÁN E INÉS CAMIÑA  
SABRE PRODUCCIONES, PENTAGÓN ESPECTÁCULOS, TALYQUAL E AGM

Un pintor, con moitos anos no oficio, leva tempo sumido nunha crise creativa. Desde que faleceu de forma imprevista a súa muller, que era todo para el, practicamente non puido volver pintar. Estamos no verán e outono de 1975. A filla maior de ambos está no cárcere polas súas actividades políticas, e é nesas datas cando xorden os primeiros síntomas da enfermidade da súa nai que a filla vivirá desde dentro da prisión. E outro recordo permanente na vida do seu pai, que tamén agora revive. Esta obra teatral é o relato dunha historia de amor en camiño desenfreado cara á morte, que nos sitúa naquela España con trazos inequívocos, que nos fala da felicidade e da súa perda, e que chega á intimidade de cada ser humano, e á súa emoción,

polo camiño recto e simple da verdade. En setembro de 1989 estreamos "As guerras dos nosos antepasados". Hoxe volvemos a Miguel Delibes. Despois daquela prodixiosa criatura á que o mestre chamou Pacífico Pérez interpretei personaxes de A. Miller, A. Strindberg, G. B. Shaw, D. Desola, S. Benchetrit, M. Vargas Llosa, P. Schaffer, J. R. Fernández, J. Hatcher, D. Wasserman, A. Machado, D. Mamet... Rodei películas e series de TV. Sinto que volver a Miguel Delibes, agora con Nicolás, supón entregarme a unha tarefa que ben puidese ser ou significar a culminación dunha aventura de traballo e de vida que vén durando xa máis de sesenta anos. Sexa como sexa... Pacífico dicía do seu tío Paco que foi "o home que lle ensino a mirar". Volver a Miguel Delibes é non deixar de aprender a mirar. Pasen. E miren. JOSÉ SACRISTÁN.

REPARTO JOSÉ SACRISTÁN.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO PRODUCIDO E DIRIXIDO POR: JOSÉ SÁMAMO / DISEÑO DE ILUMINACIÓN: MANUEL FUSTER / DISEÑO DE ESCENOGRAFÍA: ARTURO MARTÍN BURGOS.

DURACIÓN ESTIMADA 90 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS TARIFA A.



VENRES 22 E SÁBADO 23 MARZO

## ¿QUIÉN ES EL SR. SCHMITT?

DE SÉBASTIEN THIÉRY  
BARCO PIRATA PRODUCCIONES

O señor e a señora Carnero cean tranquilamente na súa casa, cando de súpeto soa o teléfono. Pero os Carnero non teñen teléfono.

O misterioso interlocutor insiste en falar cun tal señor Schmitt... E o que é máis estranho aínda, os Carnero descubren que están encerrados nunha casa que non parece a súa casa, os cadros cambiaron, os libros non son os seus libros, a roupa dos seus armarios non lles pertence...

O pánico apodérase de todo. O pesadelo non fixo máis que comezar.

Son seica o señor e a señora Carnero, sen sabelo, o señor e a señora Schmitt?

REPARTO JAVIER GUTIÉRREZ, CRISTINA CASTAÑO, XABI MURUA, QUIQUE FERNÁNDEZ E ARMANDO BUJKA.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO VERSIÓN E DIRECCIÓN: SERGIO PERIS-MENCHETA / DISEÑO DE ESCENOGRAFÍA: CURT ALLEN WILMER (AAPEE) CON ESTUDIO DEDOS / DISEÑO DE ILUMINACIÓN: VALENTÍN ÁLVAREZ (AAD) / DISEÑO E REALIZACIÓN DE VESTIARIO: ELDA NORIEGA (AAPEE) / AXUDANTE DE DIRECCIÓN: VÍCTOR PEDREIRA.

DURACIÓN ESTIMADA 90 MINUTOS (SEN INTERMEDIO).  
ENTRADAS TARIFA E.

TODAS AS FUNCIÓNS REPRESENTARÁNSE ÁS 20:30H.

TARIFAS

Tarifa Jane Eyre (J) y Funeral (F): 26,00 / 22,00 / 18,00 / 12,00 euros  
Tarifa especial (E): 21,50 / 15,00 / 13,00 / 9,50 euros  
Tarifa A: 18,00 / 14,00 / 11,00 / 8,50 euros  
Tarifa B: 14,00 / 10,00 / 8,00 / 6,50 euros  
Carné xove, + 65 anos, desempregados: -20%.  
Famílias numerosas: 25%.  
Descontos especiais para grupos en venda anticipada.

VENTA DE BILLETES

TEATRO ROSALÍA CASTRO

Aberto só os días de función de 16:00 a 20:00h.

TELEVENDA 902 044 226

Luns a venres de 9:00 a 22:00h.  
Sábados de 14:00 a 22:00h.  
Domingos de 16:00 a 21:00h.

PRAZA DE OURENSE

Luns a venres (agás festivos) de 9:30 a 13:00h. e de 16:30 a 19:30h.

WEB <https://ticketea.com>

Servizo permanente 24h.

PAGOS

Despacho de billetes da Praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito excepto American Express.

MÁIS INFORMACIÓN

[www.coruna.gal/cultura](http://www.coruna.gal/cultura)  
Nas redes sociais do Teatro Rosalía Castro.



CORUÑA  
PRÓXIMA



DL: C 2294-2018